



Concello de Vigo
Expte. 4630/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 16/2024

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO DE 2024

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- Aprobación definitiva da Modificación orzamentaria, nº 11/2024 Crédito extraordinario, nº 11A/2024 suplemento de crédito. Expediente electrónico 86/142. (Expte. Pleno 4542/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sánchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Espinosa Mangana, Elena, concelleira grupo municipal Socialista.
Silva Rego, M^a Carmen, Tenente de alcalde grupo municipal Socialista.
Pardo Espiñeira, Francisco Javier, Tenente de alcalde grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día vinte e catro de setembro do ano dous mil vinte e catro (24/09/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, dando fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar o asunto incluído na orde do día.

ÚNICO (162).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, Nº 11/2024 CRÉDITO EXTRAORDINARIO, Nº 11A/2024 SUPLEMENTO DE CRÉDITO. EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 86/142. (EXPTE. PLENO 4542/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de setembro de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria e o concelleiro de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

«Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 23 de xullo de 2024, aprobou a Modificación Orzamentaria, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito nº 11,11A/2024 correspondente ao expediente 86/142.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 13 de agosto de 2024, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 20 de agosto do 2024, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 11,11A/2024, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito correspondente ao expediente 86/142.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 163 do día 22 de agosto, comezando a súa exposición o día 24 de agosto, e rematando o prazo da mesma o 12 de setembro de 2024.

Alegacións presentadas

No citado período, e consonte á certificación do Rexistro Municipal da súa exposición, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, UNHA alegación que forma parte da documentación que conforma o expediente 86/142.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A alegación foi informada, no informe que figura no expediente, enuméranse as principais limitacións tanto en relación cos suxeitos lexitimados como as causas obxecto de alegación.

Sobre a lexitimación activa, o informe pronunciase favorablemente, aínda que non é enmarcable nos supostos regulados como tal no artigo 170.2 do TRLRFL, concluíndo que se ten que rexeitar por non axustarse a DEREITO.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 19.09.24, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN PROPOSTA:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Benavides Alonso, González Abeijón e Martín Peña, e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas e Martínez Piñeiro, O Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Tendo en conta a alegación presentada, de modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en relación cos empregos que conforma a aplicación dos recursos, propónse rexeitar a alegación presentada por non axustarse aos supostos previstos no apartado segundo do artigo 170.2 do TRLRFL., ademais, a minoración do crédito faríase sobre unha dotación que ten o seu regulamento no artigo 6 e seguintes do RD-lexislativo 3/2022, de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras, constituíndo esta dotación un dereito para o contratista.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria nº 11,11A/2024, correspondente ao expediente 86/142.

Aplicación	Proxecto	Emprego	ÁREA	Tipo	C.inicial	I.Remanentes	Modificación	Total ano	Concepto	Importe
4411.2269905		Compensación Vitrasa 2021/2022, COVID	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	12.107.630,57	12.107.630,57	87000	12.107.630,57
1532.6090063	20153263	Certificación final HALO	Fomento	S.Cret.	0,00	142.062,55	518.525,71	660.588,26	87000	518.525,71
1532.6090058	20153258	Certificación final Cubrición Tra.Pl.Emigrante	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	18.958,40	18.958,40	87000	18.958,40
1532.6190009	18153209	Certificación final estrada Beade-Garrida	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	267.000,00	267.000,00	87000	267.000,00
1532.6190014	20153214	Revisión prezos RD-lei 3/2022	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	35.613,72	35.613,72	87000	35.613,72
1532.6190038	24153238	Humanización Rúa Lepanto	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	1.146.686,64	1.146.686,64	87000	1.146.686,64
1532.6190041	24153241	Humanización S. Avendaño G.Barbón- Halo	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	1.768.159,63	1.768.159,63	87000	1.768.159,63
1532.6190061	20153261	R. excepcional prezos G.Barbon	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	105.271,43	105.271,43	87000	105.271,43
1532.6190068	20153268	Certificación final estada Campo Amor	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	41.832,09	41.832,09	87000	41.832,09
1532.6190083	20153283	Certificación final P.Saavedra Fase II	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	7.815,18	7.815,18	87000	7.815,18
1532.6190085	20153285	R. excepcional prezos G.Espino	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	114.171,80	114.171,80	87000	114.171,80
1532.6190086	20153286	Rev prezos RD-lei 3/2022R.Aragón	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	42.363,46	42.363,46	87000	42.363,46
1532.6190088	20153288	Certificación final J.Menguillon-V.Alegre	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	15.561,79	15.561,79	87000	15.561,79
1532.6190089	20153289	Rev. prezos RD-lei 3/2022 R.Colombia	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	49.248,60	49.248,60	87000	49.248,60
1532.6190095	24153295	Sent. 526/2023 Paseo Marítimo de Bouzas	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	1.166.144,81	1.166.144,81	87000	1.166.144,81
1532.6190060	20153260	Certificación final Rúa Tercio de Afora	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	28.147,53	28.147,53	87000	28.147,53
1539.6090063	20153963	Rev. prezos RD-lei 3/2022 Ascensor Estación	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	61.515,69	61.515,69	87000	61.515,69
1539.6090069	24153969	Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Colmeiro	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	2.629.650,26	2.629.650,26	87000	2.629.650,26
1539.6090070	24153970	Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Lugiés	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	1.575.231,45	1.575.231,45	87000	1.575.231,45
1539.6190061	20153961	Rev. Prezos, RD-lei 3/2022 Rúa Talude	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	72.780,51	72.780,51	87000	72.780,51
1650.6190061	20165061	Remate plan de eficiencia enerxética	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	385.000,00	385.000,00	87000	385.000,00
2310.6320010	21231010	Reestr. At.Social Prz.Princeesa	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	121.500,00	121.500,00	87000	121.500,00
2310.6320011	21231011	Rehab, Edf. Rúa Alta 23	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	37.254,74	37.254,74	87000	37.254,74
9330.6320010	14933010	R. excepcional prezos Est.Balaidos	Fomento	S.Cret.	300.000,00	223.653,27	631.175,10	1.154.828,37	87000	631.175,10
3340.6890000	24334000	Escultura de Domingo Villar	Cultura	C.Ext.	0,00	0,00	120.000,00	120.000,00	87000	120.000,00
3360.4800000		Convenio posta en valor X.H.Castrelos	Museos	C.Ext.	0,00	0,00	72.600,00	72.600,00	87000	72.600,00
3360.6320010	24336010	L. Municipal Praza da A.Fonte, R.Santiago	P.Históric	C.Ext.	0,00	0,00	140.833,83	140.833,83	87000	140.833,83
3360.6320021	22336021	Acometidas e Liquidación P.Raposeira	P.Históric	S.Cret.	465.000,00	1.318.167,73	175.000,00	1.958.167,73	87000	175.000,00
3380.2260905		Sentenza e atrasos SGAE	Festas	C.Ext.	0,00	0,00	546.679,83	546.679,83	87000	546.679,83
3420.6220015	24342015	Cuberta pista deportiva en Zamás	Fomento	C.Ext.	0,00	0,00	832.342,70	832.342,70	87000	832.342,70
9330.6220060	21933060	Sentenza Cocheras Olínicas de Puentes	Patrimonio	C.Ext.	0,00	0,00	6.884.886,73	6.884.886,73	87000	6.884.886,73
9330.6320015	24933015	Reforma dependencias Policía Local	Fomento	C.Ext.	0	0	138.684,93	138.684,93	87000	138.684,93
Total							31.858.267,13			31.858.267,13

A modificación orzamentaria, financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2023, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito.

A cuantificación deste recurso figura no expediente, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura aos empregos contidos na modificación orzamentaria nº 11,11A/2024.

TERCEIRO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario e suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

CUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 12 de setembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

QUINTO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, a modificación orzamentaria definitivamente aprobada, será inserida no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos e formato que establece o devandito precepto.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario 24 de Setembro
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Martes, 24 de Septiembre de 2024 09:04:55
Fecha Fin : Martes, 24 de Septiembre de 2024 09:25:17
Duración : 00:20:22

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3488

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 273 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/ygL8vQMScSgyDm1ZkyCkzT1DcEs9YvuA0d18EFEEGA3yvDMP.wmv>
SHA512 -
c70368e0496e9ce55cbc87bcb3c0287fbff054f69ae519d9d78b96b8bf1aabb400c41d34028fe9acf2bb0ad9345e50a0e515a2230ad0081b4cc585eca7a42777

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 147 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/RwYJWJ0z86yVhhqoevzdF1RbM2v9TnC8RtHCSw1DvgjVLltJ.mp4>

SHA512 -
3a49f4299745c47d88e2b1ae5c55b44d1e77d13d13a64568b2fdc58dea61140eafdeb1e
825a894c6fd11c6295e5424d1ed91bc23d4848ea584371509174356a0

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Silva Rego, Carmen;
Interventor; Secretario; Oradora invitado; Asiento 5;
Espinosa
Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda;
Rivas
González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez
Rodríguez,
Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del
Carmen;
Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo
Espiñeira,
Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez
Calviño,
Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana
María;
Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia;
Martín
Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez
Abeijón,
Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso,
Daniel;
Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez
Iglesias,
Xabier; Remoto;
00:00:15 - Caballero Álvarez, Abel
00:00:23 : ÚNICO.- Aprobación definitiva da Modificación orzamentaria,
nº 11/2024 Crédito extraordinario, nº 11A/2024 suplemento
de crédito. Expediente electrónico 86/142. (Expte. Pleno
4542/1101).
00:00:59 - Aneiros Pereira, Jaime
00:05:55 - Caballero Álvarez, Abel
00:06:07 - Pérez Iglesias, Xabier
00:11:07 - Caballero Álvarez, Abel
00:11:18 - García González, Patricia
00:16:25 - Caballero Álvarez, Abel
00:16:36 - Aneiros Pereira, Jaime
00:19:37 - Caballero Álvarez, Abel
00:19:45 - Votación [9:24:41]
00:20:22 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos (09:25) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 16/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
sc.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Jose Villán Fuertes